

## Prazas de Navantia: unha auténtica cacicada



Onte pola tarde, Navantia publicou as listas provisórias do exame teórico-práctico das tres especialidades pendentes (Asistencia á dirección, Bacharelato e Mecatrónica) da convocatoria de prazas de operarios e empregados júnior 2019.

Finalmente, Navantia excluíu a 4 persoas que nese exame sacaron a nota suficiente para obter praza (que é o que recollen as bases), pero que non obtiveron o "visto e prace" dun psicólogo contratado por Navantia para facer algunhas entrevistas persoais telemáticas (entrevista que non aparece por ningures nas bases, e que tampouco se lle fixo a tódolos candidatos). Noutras palabras: **Navantia viola as bases da convocatoria.**

Este nivel de nepotismo empresarial son, infelizmente, habituais no sector privado. Pero que ocorran nunha empresa pública é **gravísimo**. Neste senso, a CGT defendeu na permanente do comité de Ferrol a convocatoria inmediata dunha asemblea xeral para abordar co conxunto dos traballadores/as toda esta situación, proposta que lamentablemente non saíu adiante. Â

Pero non se trata só de loitar para solucionar este caso. Hai que impedir que isto volva a repetirse. **Trátase de acabar con tódalas irregularidades, escurantismos e arbitrariedades que se producen nas contratacións de Navantia**, e que, no caso das prazas de titulados universitarios, veñen de lonxe.

Non hai nada que inventar. Navantia é unha empresa pública. Por tanto, debe seguir os procedementos transparentes e obxectivos propios da Administración pública.

Mentres a SEPI, matriz de Navantia, convoca prazas de titulados universitarios rexidas polo principio de igualdade, mérito e capacidade, Navantia exclúe xente por motivos escuros que oculta trala escusa do secreto clínico dun psicólogo. Ou por exceso de coñecemento, como pasou nas prazas de universitarios júnior.

**A CGT vai facer todo o que estea na nosa man para loitar contra esta cacicada e para que a arbitrariedade desapareza de Navantia, deixando paso a uns procesos de ingreso transparentes e nos que haxa unha igualdade de oportunidades real conforme ós principios de igualdade, mérito e capacidade, e de non discriminación entre homes e mulleres, como corresponde a unha empresa pública.** Â

Sección Sindical Unitaria de CGT en Navantia-ferrol